



TEMPADA 2011
CARAMUXO



TEATRO

MENSAXE SEN BOTELLA



Despois do éxito colleitado con "Os Bolechas", Caramuxo teatro regresa ó teatro de actor da man dunha da directora madrileña Olga Margallo.


"Mensaxe sen botella" é unha fantástica historia protagonizada por Laura Sarasola e Juan Rodríguez.

Jean Pierre Dumond é un home maniático e perfeccionista, vive só e adícase cada noite a recoller as mensaxes que chegan ó seu faiado dentro de botellas de diferentes tamaños e cores. Dumond encargase de entregarllas a Gastón, o seu amigo e compañeiro alado, para que este as deixe voando no alfeizar da ventá do seu destinatario. Dumond é feliz na súa rutina diaria, mais un día chega unha botella sen mensaxe, unha mensaxe sen botella...

Caramuxo teatro presenta un espectáculo que fala das relacións entre dúas persoas ben distintas que terán que buscar un punto en común para entenderse.

Unha proposta emotiva, visual e poética que mistura unha realidade imaxinaria nun mundo diferente.

Idade: + 5 anos.



LAZARILLO



Caramuxo teatro plantexanos unha adaptación do libro de Lazarillo de Tormes nunha montaxe con tres actores e en clave de comedia.

A maior parte das peripecias que ocorren no Lazarillo son folclóricas (de tradición popular), o noso espectáculo quere aportar unha nova visión do clásico dende a tradición e cultura galega, "galeguizando" a novela e achegándoa máis a nosa realidade, algo que se ve reflexado nas expresións, nas partes musicais e mesmo nos costumes gastronómicos. Cambios que, seguindo fieis ó orixinal, intentan facer a novela máis cercana ós nosos xoves.

Unha proposta máis completa, vistosa e interesante dende o punto de vista educativo protagonizada por Xosé Manuel Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola.

Unha historia de fame e supervivencia que de seguro divertirá ós máis pequenos da casa.

Idade: A partir de 5 anos.






E DE MAIOR QUERO SER..

Caramuxo teatro presenta un espectáculo que trata o tema da desigualdade de xénero, acompañado dunha unidade didáctica para traballar na aula.

Unha montaxe creada a partir de textos de Darío Fo e do traballo realizado en diferentes escolas de concellos pertencentes ó Consorcio das Mariñas, misturando así diferentes proxeccións das opinións dos rapaces cos textos representados.

Unha comedia protagonizada por Victoria Pérez e Laura Sarasola.

Idade: A partir de 8 anos.



HISTORIA DUNHA SEMENTE



Duas persoas buscan algo pero non saben o que están buscando ata que o atopan. Unha semente.

¿Cómo é posible que algo tan pequeno se converta nunha grande árbore?

Historia dunha semente é a historia dunha árbore, unha maceira que enche de vida a pradeira.

Galiñas que non poñen ovos, raposos con moita fame, unha mosca namoradiza en busca do moscón perfecto para casar, unha nube e un sol moi peculiares e moita diversión.

Unha fábula que reflexiona sobre a natureza e os cambios que se producen nela.

Espectáculo cómico de títeres de mesa e actores cheo de maxia e que introduce ós máis novos nun mundo cheo de imaxinación e fantasía. Protagonizado por Laura Sarasola e Juan Rodríguez.

Idade: A partir de 3 anos.





GLUB GLUB

Caramuxo teatro presenta o primeiro espectáculo de teatro para bebés realizado en Galicia.

Unha motaxe para nenos de 6 meses a 3 anos acompañados por adultos.

O xove mariñeiro perdeu o pequeno barco de papel... ¿Ónde estará? ¿Nesta caixa? ¿Nesta cesta? ¿Ou quizais naquel baúl?

Glub, glub conta a historia da amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe xoguetón.


Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual que introduce ós máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente.

Unha oportunidade para disfrutar cos fillos da primeira viaxe polo mundo do teatro.

Idade: De 6 meses a 3 anos.

Duración: 30 minutos. (mais 10 de entrada e despedida)

Aforo limitado: 90 espectadores por pase.



ZAPATOS



Espectáculo recomendado pola
Rede Nacional de Teatros

Mención especial do xurado na XXVI Mostra Internacional Vall d'Albaida

¿Que pasa con todos esos zapatos que xa ninguén usa?

Todos os días chegan a un recuncho dun agochado xardín fantásticas historias, as vivencias que traen consigo unha morea de zapatos de tódolos tamaños e cores.

Unha xoven rapaza é a encargada de coidalos, de darlles a benvida ó lugar onde vivirán para sempre, un lugar onde poder compartir emocións con esa bela bailarina, con Pequecho e os seus irmáns, cos namorados, co Sol e a Nube, con centos de compañeiros que teñen moito que contarnos.

"Zapatos" narra todas esas historias que levan dentro os zapatos que xa non teñen dono.

Idade: De 1 a 4 anos.

Duración: 30 minutos. (mais 10 de entrada e despedida)

Aforo limitado: 90 espectadores por pase.



Pio

Un espectáculo de títeres de
mesa, para toda a familia...

ESTREA
SETEMBRO 2011







www.caramuxoteatro.net info@caramuxoteatro.net Telf.: 699 521 803 / 610 848 781